

FICHA TÉCNICA

CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (CRAEGA)

Creación: Por Orde do 7 de maio de 1997 pola que se regula a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG núm. 93 do 16.05.1997). Corrección de erros DOG núm. 100 do 27.05.1997.

Regulamentación:

- Regulamento (UE) N° 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) N° 834/2007 do Consello; así como os actos delegados e de execución adoptados de conformidade co dito Regulamento
- Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG núm. 70 do 14.04.09). Modificada polas Ordes do 4 de febreiro de 2011 (DOG núm. 28 do 10.02.11), do 14 de decembro de 2018 (DOG núm. 244 do 24.12.18), do 31 de maio de 2022 (DOG núm. 109, do 8.06.2022) e do 12 de febreiro de 2025 (DOG núm. 34, do 19.02.2025).

Enderezo: Ronda M^a Emilia Casas Baamonde s/n edif. Multiusos
27400 Monforte de Lemos (Lugo)
Tel.: 982 40 53 00
correo electrónico: craega@craega.es
Web: www.craega.es

Presidente: Francisco López Valladares

Rexistros ano 2024:

Superficie:	45.459 ha
Produtores:	1.016
Elaboradores, importadores e comercializadores:	265

Volume da actividade ano 2024:

Valor económico estimado: 111.322.000 €

Ámbito xeográfico do control

A zona xeográfica na que exerce o seu control o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) é todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.



Produto protexido pola agricultura ecolóxica

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Emprégase nela prácticas agrícolas que fomentan o equilibrio do ecosistema, evitando ou excluindo a case totalidade de produtos químicos de síntese, como fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc., recorrendo a outras técnicas como a rotación e asociación de cultivos, o emprego de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establecemento de sebes e o mantemento doutra vexetación dentro das parcelas. Os produtos ecolóxicos avalados polo Craega levarán no seu etiquetado, presentación e publicidade as indicacións que fagan referencia ao método de produción ecolóxica de acordo co establecido na normativa comunitaria e irán acompañados da correspondente marca de certificación do Craega.

Características da produción ecolóxica

O CRAEGA certifica calquera produto de consumo humano e animal excepto a caza e a pesca extractiva. A certificación abarca a toda a cadea do produto, dende a produción, pasando pola elaboración, envasado e comercialización do produto.

Por ser produtos que se obteñen co máximo respecto ó medio ambiente e benestar animal, non conteñen produtos químicos de síntese. Pódese dicir, polo tanto, que posúen a máxima calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, ademais de manter as súas propiedades alimenticias e de madurez durante máis tempo.



*A partir de 2017 considérase un único rexistro cando para un mesmo NIF hai varias instalacións inscritas.

